

ACTA DE DATA 12/03/2015, DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL XARDIÑEIRO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUIDA NA OEP DO ANO 2010

SEGUNDO EXERCIZO: CASO PRACTICO

En Pontevedra, a 12 de marzo de dous mil quince sendo as 10:45 horas, reúñese na Nave Taller do Concello, sita en Campaño, o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza vacante de oficial xardiñeiro polo sistema de concurso-oposición, baixo a presidencia de dona Rosa Magdalena Fernandez ,Arquitecta municipal da OTAPI, e coa asistencia dos vogais don Luis Costa Ferrer, Arquitecto Técnico da OTAP, don Manuel Cancela Outeda, mestre xardiñeiro, xefe da unidade operativa, , don Juan Carlos Peón Justo, oficial albanel, e actuando como secretaria dona Marta de las Heras Rodriguez, Xefa do Servizo de contratación, que dá fe do acto.

ELABORACIÓN DO EXERCICIO PRÁCTICO.- Procédese polo tribunal á elección dun caso práctico relacionado có contido do programa anexo á convocatoria, consonte ao establecido na base 5, apartado b), das bases reguladoras do proceso selectivo.

CHAMAMENTO PÚBLICO.- Ás 11:00 horas procédese ao chamamento público do opositor comezando, comparecendo:

NOMBRE	APELLIDOS
EULOGIO	COLLAZO PADIN

COMEZO DO EXERCICIO.- Previa lectura pola presidenta do tribunal da base 5, apartado b), das bases que rexen a convocatoria e información aos aspirantes sobre as normas para o desenvolvemento da proba, se comunica aos aspirantes que dispoñen de vinte minutos para a realización da propa práctica consistente no montaxe e desmontaxe dunha motoserra e o combio de fio dunha desbrozadora que comeza ás 11:05 horas e finaliza ás 11:35 horas.

CUALIFICACIÓN DO EXERCICIO.- o tribunal cualificador procede á valoración da proba práctica resultando a seguinte cualificación:

NOMBRE	NOTAS
EILOGIO COLLAZO PADIN	20 PUNTOS

PUBLICACIÓN DO RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- O tribunal dispón que

pola secretaría se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados.

O Tribunal, de conformidade co establecido na base 14 das xerais procede a cualificación final.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación total do proceso selectivo queda da seguinte forma:

EULOGIO COLLAZO PADIN	PUNTUACIÓN OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
Primeiro exercicio	14		
Segundo exercicio	20		
TOTAL	34	9,25	43,25

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia o Tribunal eleva ao Concelleiro Delegado da Área de Régime Interior e Patrimonio a puntuación definitiva do aspirante con especificación das puntuacións en cada exercicio da oposición e da fase de concurso, propoñendo o nomeamento para ocupar unha praza de OFICIAL xardiñeiro, encadrada no Grupo C, subgrupo C2, da escala de administración especial, subescala servicios especiais , clase personal de oficios D. Eulogio Collazo Padín

REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.- O Tribunal dispón que pola Secretaría se publique a puntuación dos aspirantes aprobados neste exercicio, colocando no taboleiro un anuncio coa puntuación e proposta de nomeamento, requerindo ao opositor proposto para que, no prazo de 20 días naturais, presente a documentación existente nas bases da convocatoria.(base 16 das generais da convocatoria)

E non sendo outro o obxecto desta sesión a Presidencia da por finalizado o acto ás 11.45 horas, do cal a Secretaría da fé.